

AVALIACIÓN

A avaliación ten dúas funcións que é necesario clarificar: a función educativa e a función acreditadora.

Desde a súa función educativa, a avaliación constitúe un proceso longo e continuo, que posúe diversas fases e que abrangue tanto o camiño seguido polos alumnos como os seus resultados. Permite unha regulación constante do proceso de ensinanza-aprendizaxe mediante un mellor axuste ás características individuais.

Desde a súa función acreditadora a avaliación constata o grao en que cada un dos alumnos acadou as aprendizaxes previstas no proxecto. As probas, os controis, os exames, etc. son sen dúbida un instrumento valioso para o proceso avaliador, pero non son o único; a observación sistemática das actividades diarias realizadas na aula, ben sexan orais ou escritas, individuais ou de grupo, coma os comentarios de texto, as respostas voluntarias ós problemas planteados, as súas propias preguntas, a participación nos diálogos e nas discusións, ou as interrupcións ós mesmos, así coma as realizadas fora da aula, coma traballos de investigación, asistencia a actos que se relacionen cos temas tratados, etc., permiten a análise e valoración da produción do alumnado e do seu progreso.

Mediante a avaliación final comprobase o grao de consecución dos obxectivos fixados para o período de tempo de que se trate en función das actividades realizadas e dos resultados obtidos nas probas elaboradas a este fin.

Para a avaliación final estableceranse tres etapas ó longo do curso. En cada unha delas faranse probas escritas para detectar o grao de aproveitamento das actividades realizadas. Estas probas incluírán cuestionarios nos que os alumnos deberán responder ás cuestións propostas que poderán ser de diversos tipos, cada un dos cales pretenderá avaliar un aspecto da aprendizaxe. Así, as probas poderán constar de preguntas formuladas tipo test para medir a capacidade de recoñecemento, preguntas concisas que esixan precisión conceptual e capacidade de síntese nas respostas, preguntas máis amplas que permitan desenvolver os aspectos máis xerais dun tema de maneira ordenada e coherente facendo uso da súa facultade de expresión, textos para comentar e problemas para resolver que permitan realizar aportacións persoais e desenvolve-lo seu coñecemento sen limitacións a aspectos concretos. Igualmente se intentará facer algunha proba oral para comprobar as habilidades oratorias e a competencia na expresión oral.

Estes datos, sen embargo, como queda dito máis arriba, non serán os únicos a ter en conta, senón que haberá que analízalos en relación coas observacións realizadas das actividades diarias.

Por último, compre sinalar que a avaliación non pode ser un proceso pechado, senón que debe permitir a aparición e a valoración de resultados non previstos inicialmente.

A cualificación de cada avaliación establecerase da seguinte maneira:

Un 60% da nota corresponderá ao exame ou exames programados a tal fin.

Outro 40% da nota corresponderá á suma das probas parciais e exercicios diarios escritos ou orais, solicitados aleatoriamente, controis sen previo aviso, ou lecturas obrigatorias, que se teñan realizado durante o período correspondente á avaliación.

A nota resultante poderá ser aumentada ata un máximo de dous puntos coa achega de traballos voluntarios co visto bo dos docentes (comentarios de texto, desenvolvemento de temas, traballos con prensa, lecturas voluntarias seguindo o plan lector do departamento, etc.), cada uno dos cales poderá ser valorado cunha nota de ata 0.5 puntos.

Por último, a cualificación final redondearase cunha valoración da actitude mostrada en clase polo alumno ou alumna que se computará cunha puntuación desde +1 ata -1 punto.

A avaliación global de xuño será a media ponderada destas tres avaliacións parciais e nela terase en conta non só o resultado absoluto de cada unha de elas senón tamén a evolución progresiva das mesmas, dándosele maior importancia as posteriores que ás anteriores.

Consideramos que a avaliación ten que ser un proceso continuo polo que a cualificación de cada unha das avaliacións parciais reflectirá o nivel de consecución dos obxectivos marcados ata ese momento do curso, de modo que a nota de cada unha delas non corresponde a ese trimestre concreto senón ao nivel global da materia desde comezo de curso.

Puntualmente o profesor ou profesora poderá establecer algunha proba específica de recuperación se considera que a progresión do alumno ou alumna así o require, pero o recomendable é que o alumnado que presente algún déficit acade alomenos os mínimos necesarios coa realización das actividades e procedementos propostos durante cada período.

Outras consideracións:

Non presentarse a un exame ou proba suporá un cero na nota dese exame agás que se presente xustificante médico ou similar non sendo suficiente como xustificación unha nota asinada por familiares.

Dado que a avaliación é continua nos exames poderán preguntarse contidos tratados con anterioridade durante o curso.

Cómpre levar todo o material necesario para a proba, non se permitirá pedilo aos compañeiros unha vez comezado o exame.

Copiar anulará o exame correspondéndolle a cualificación de 0.

Falar durante o exame restará ata dous puntos da nota obtida.